



▯ *redacción > ferrol*

As festas da Parrocheira, no barrio de Ferrol Vello, conclúen hoxe co acto máis tradicional da semana, a cerimonia relixiosa no Socorro seguida pola procesión marítima. A función comezará ás seis e media hora despois sairá a procesión, co grupo de gaitas Artabria. De volta no templo actuará o coro Toxos e Froles. Antes, pola mañá, percorrerá as rúas a banda de metais La Amargura.

A festa tivo onte carácter gastronómico, cunha mexillonada na praza Vella amenizada por un organista e á que seguiu un concerto de Los Platos Volantes.